

A MALDADE DOS HOMES: LICAÓN. DEUCALIÓN E PIRRA

Unha vez que Pandora abriu a súa caixa e se espallaron polo mundo todos os males Zeus sentiuse satisfeito:

-Agora aprenderán os homes que non se pode enganar os deuses!

O castigo foi tremendo, pois a partir de entón o mal estendeuse: as guerras e os crimes tinxían de sangue a nai terra ata tal punto que o mesmo Zeus horrorizouse do que eran capaces os homes; anunciou entón no Olimpo, morada dos deuses, que ía aniquilar a raza humana.

A Atenea, filla de Zeus e de espírito firme, enchéronselle os ollos de vagas e suplicou por eles:

-Pénsao ben, padre Zeus. Quen nos adorará senón os homes? Quen vai queimar incienso nos altares ou sacrificar animais na nosa honra?

Zeus concedeulles aos homes a derradeira oportunidade e el en persoa, coa aparencia dun vello labrego, baixou á terra para coñecelos de perto, pero o que viu non fixo máis que confirmalo na súa decisión. Despois duns días: foi á casa de Licaón, rei da Arcadia. Era este un home cruel que maltratava aos seus súbditos e incluso se rumoreaba que lle gustaba comer carne humana. O vello labrego pediu ser acollido no seu pazo real. Como corría o rumor de que Zeus en persoa andaba pola comarca, Licaón recibíuno. Licaón pensou que se mataba un neno e llo daba a comer a un deus, ésta daríase conta e sabería de certo se aquel vello era Zeus. E así o fixo. Sentaron á mesa e cando Zeus viu a carne díxolle:

-Moi ben, Licaón. Gañaches: o teu plan funcionou. Sei de onde saíu esta carne e eu non vou comer carne humana. Sí, son Zeus pero ti vas pagar este sacrilexio!

Un lóstrego caeu entón sobre o pazo de Licaón e as lapas propagáronse por toda a casa. Licaón correu entón cara os bosques e a medida que corría sentía que o seu corpo se transformaba retorcéndose cada músculo e cada oso. Intentou berrar pero o único que saíu da súa boca foi un ouveo de besta salvaxe. Ninguén volveu ver ao rei Licaón, pero din que un lobo feroz e famento tentou saciar a súa fame atacando as ovellas dos arredores, pero que os pastores o perseguiran durante días e días ata que ao fin deron com el e matárono sen piedade.

Zeus, despois de comprobar por si mesmo a maldade da raza humana, confirmou que o mellor era facer que perecesen todos os homes da Terra.



Mentres todo isto sucedía, Prometeo seguía encadeado ao penedo coa única alegría de recibir de cando en vez a visita do seu fillo Deucalión. Prometeo, que era capaz de prevelo todo advertiu a Deucalión de que Zeus estaba palnificando um castigo contra todos os homes; debía construír um arca, especie de barco com teito, e refuxiarse nel xunto com Pirra, a súa muller.

Zeus fixo retumbar as nubes todas do ceo e os lóstregos caían entre elas. Comezaron a caer as primeiras gotas cando Deucalión remataba a súa arca. Durante nove días e nove noites a chuvia bateu contra a terra sem cesar; os ríos e os mares cubriron campos e cidades e homes e animais salvaxes corrían montañas arriba escapando do dominio das augas. Pero todo foi inútil pois tamén alí chegaron as augas. So Deucalión e Pirra estaban a salvo. Cando cesou a chuvia e as augas comezaron a baixar, Deucalión e Pirra saíron da embarcación; todo o que os rodeaba era unha paisaxe desoladora.

-Por qué nos salvamos só nós _dixo Pirra a Deucalión_ se xa somos moi maiores para poder ter fillos. Seremos os derradeiros homes!

A parella viu un pequeno templo que se erguía nun alto, medio cuberto por algas. Foron e rezaron aos deuses; Deucalión preguntou polo que debían facer. Ao cabo resoou unha voz poderosa e divina coma un trono:

-Zeus encoméndavos que repobledes a Terra!

-Pero somos demasiado vellos, respondeu Pirra. Non poderemos.

A voz continuou:

-Guindade os ósos da vosa nai por riba dos ombreiros, pero sen volver a cabeza atrás e a humanidade renacerá.

Deucalión e Pirra marcharon de alí horrorizados. Como os deuses lles mandaban desenterrar os ósos da nai se iso era un sacrilexio castigado polos propios deuses. Camiñaron desolados e tristes sen parar de dar voltas a aquel mandato. Despois de algún tempo a alegría iluminou a fciana de Deucalión:

-Xa o entendo: a nosa nai é a Terra, e os seu ósos son as duras pedras. Guindemos pedras ás nosas espaldas e así repoboaremos o mundo.



Deucalión atinara. Cando as pedras caían ás súas espaldas afundíanse na lama e recibía da Nai Terra o alento da vida: axiña se erguían e os seus corpos íanse formando de xeito marabilloso. Como había pedras de todas as formas tamaños e cores, os homes ían saíndo altos e baixos,

gordos e fracos, brancos e oscuros. Das pedras que guindaba Deucalión nacían homes; das que tiraba Pirra nacían mulleres. E así foi como naceu unha nova raza de seres humanos, apesares de que os bos e piadosos esposos non tivesen idade para ter fillos.